



*Angelos Marino*

# BIRAVXS

*Ángeles  
Alvariño  
(1916-2005)*

Foi unha nena intelixente e curiosa que con tan só 3 anos xa lía, aprendía solfexo e piano. O seu gusto pola lectura levouna a explorar con asiduidade a biblioteca, onde gozaba especialmente dos seus libros de historia natural. En 1934, trasladouse a Madrid para iniciar os seus estudos de Ciencias Naturais, pero estes víronse interrompidos polo comezo da Guerra Civil. Estudosa infatigable, durante o período de peche das aulas aproveitou para mellorar os idiomas que serán fundamentais para a súa futura carreira investigadora nos Estados Unidos. Cando finalmente se reabriu a universidade, proseguiu os seus estudos e licenciouse en Ciencias Naturais. Xa en 1953, gozou dunha bolsa no British Council para realizar investigacións sobre zooplancto no Laboratorio de Plymouth e, pouco despois, converteuse na primeira muller a bordo dun barco británico de investigación en calidade de científica. Recibiu numerosos nomeamentos académicos de universidades norteamericanas e mexicanas. Morreu en California o 29 de maio de 2005 no estado de San Diego.

Ilustración: Marta Riera / marta@martariera.com